

# Bases do 1º Concurso de Fotografía Carreira Pedestre de Malpica

1º PARTICIPANTES: Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos e residente en España, a excepción dos membros do xurado.

2º TEMA: O tema será a V Carreira Pedestre do Concello de Malpica de Bergantiños, en todas as súas facetas (percorrido, esforzo, traballo dos colaboradores, xestos, superación...), e que se obtivesen o mesmo día da carreira.

3º OBRAS: Cada participante poderá presentar un máximo de 5 obras. Estas deben ser orixinais, inéditas e que non fosen presentadas anteriormente noutros concursos ou publicado en webs ou calquera outro soporte electrónico ou físico.

Cada participante será o único responsable de acreditar a autoría da obra presentada, de que esta non estea suxeita a dereitos de terceiros, así como ante calquera reclamación de dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.

As fotografías non poderán ser alteradas electronicamente ou por ningún outro medio. Tampouco se aceptarán fotomontaxes. En caso de dúbida, o xurado poderá solicitar ao autor o seu arquivo en bruto para a súa verificación.

4º PRESENTACIÓN: As obras deberán ter un tamaño mínimo de 25 cm x 35 cm e un máximo de 40 cm x 50 cm. Na parte traseira deberá aparecer un lema e o título da obra.

Ademais, os traballos presentados deben remitirse tamén en formato JPG ou TIFF, cunha resolución mínima de 2.000 dpi, sendo o nome do ficheiro o mesmo que o título do traballo. 5º

ENVÍO: As obras remitiranse ao Rexistro Xeral do Concello de Malpica e indicarán: I

Concurso de fotografía carreira pedestre, rúa Emilio González López, CP 15113 Malpica de Bergantiños. Xunto coas obras, enviarase un sobre co lema no exterior, que será común a todas as fotografías presentadas pola/o mesma/o autor/a. No sobre incluírase a seguinte información sobre a autoría: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, código postal, concello, provincia, país, teléfono e correo electrónico.

O Concello de Malpica de Bergantiños non se fai responsable do deterioro que se poida ocasionar nos orixinais no seu envío ao rexistro.

6º PRAZO DE ENTREGA: O prazo para presentar os traballos estará aberto dende o 12 ata o 16 de setembro de 2022. Non se aceptarán obras presentadas con posterioridade a esa data, a

excepción daquelas nas que o certificado de correos acredite que se enviaron no prazo establecido.

7º PREMIOS: Primeiro: 100 euros, segundo: 50 euros, terceiro: 25 euros e un premio á mellor fotografía dun participante local, dotado cun trofeo de barro de Buño.

8º RESULTADOS: O xurado reunirase na segunda quincena de setembro de 2022, en sesión única. A súa decisión será inapelable e comunicarse pola organización ás/aos premiadas/os. Do mesmo xeito, o Concello de Malpica de Bergantiños difundirá o fallo aos medios de comunicación, na páxina web e a través das canles que estime oportunas.

9º XURADO: O xurado estará composto por un fotógrafo profesional e/ou de recoñecido prestixio, unha/un traballador/a do Concello de Malpica de Bergantiños do ámbito deportivo, unha/un traballador/a do Concello de Malpica de Bergantiños do eido cultural, ademais da Concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes, quen propondrá aos outros tres membros do tribunal.

As/os membros do xurado, tendo en conta criterios de creatividade e calidade técnica, seleccionarán vinte obras finalistas. De entre estas, saíran as obras gañadoras. Coas vinte creacións finalistas realizarase unha exposición que coincidirá coa comunicación pública do fallo do xurado.

10º DEVOLUCIÓN DAS OBRAS: Non se manterá correspondencia coas obras non premiadas. As/os súas/seus autoras/es poderán recollelas previa comunicación na casa do Concello de Malpica de Bergantiños. Transcorrido un ano dende a comunicación pública do fallo do xurado, procederase á destrución dos orixinais.

11º AUTORÍA E DEREITOS DE REPRODUCCIÓN: Ás/os participantes manterán a autoría das obras presentadas. O Concello de Malpica de Bergantiños reservarase os seguintes dereitos:

1.- A propiedade do soporte físico das vinte imaxes finalistas e o dereito a expoñelas publicamente nos espazos públicos que considere oportunos.

2.- O dereito a publicar e difundir nos medios que considere oportunos as obras premiadas durante un período de 2 anos.

12º ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación neste concurso implica a aceptación plena de todas e cada unha destas bases e a decisión final do xurado.